<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	Pushing Limits	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios.	Extraer as ideas principais dos textos propostos	PE	53
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.	Aplicar estratexias de reading e listening		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Aplicar estratexias de writing e speaking		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe).	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas con aportacións propias	TI	47
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Aplicar estratexias comunicativas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Valorar a importancia da diversidade cultural		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiáns sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e</li> </ul>

## Contidos

- rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Segundo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Network 2 Student's Book. Material de elaboración propia : curso aula digital e blog. Recursos audiovisuais auténticos

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

Na aula utilizarase o Student's book e tamén material da aula virtual.

A aula virtual será utilizada como ferramenta de reforzo e comunicación, tamén de seguemento para os alumnos que falten a algunha sesión.

O material interactivo do student's book será utilizado como reforzo de traballo na casa.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas de curso os profesores realizarán a avaliación inicial en cada un dos seus cursos, que poderá consistir en probas de gramática, listening, reading, writing e speaking, relativas aos contidos mínimos do curso anterior.

As probas utilizadas neste curso adaptaranse ás aprendizaxes imprescindibles impartidas no curso anterior.

Segundo o resultado das mesmas a profesora valorará se un alumno ten o nivel axeitado para o curso, se necesita un programa de reforzo ou se debe solicitarse unha Adaptación Curricular Individualizada.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	53	53	53	53	53	53	53	<b>53</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	47	47	47	47	47	47	47	<b>47</b>

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación para as diferentes probas que se realizarán ao longo das avaliacións son os seguintes:

- Gramática e Vocabulario (Grammar & Vocabulary) : 50%
- Comprensión Escrita (Reading Comprehension) : 10%
- Expresión Escrita (Writing) : 10%
- Comprensión Oral (Listening Comprehension) : 10%
- Expresión Oral (Speaking) : 10%
- Traballo e actitude : 10% Neste apartado incluíranse os seguintes valores: Participación, uso do inglés, traballo e actitude.

### Criterios de recuperación:

Posto que a avaliación é continua damos tamén ao sistema de recuperación este carácter. Así, cada vez que realizamos unha avaliación e se califica positivamente, estase a recuperar a anterior, pois entendemos que a aprendizaxe dunha lingua é un proceso continuo e acumulativo.

Os/As alumnos/as que na 3ª avaliación, por medio da avaliación continua, non acaden unha puntuación igual ou superior a 5 poderán realizar unha proba de contidos mínimos esixibles, de gramática e vocabulario. O/A alumno/a que supere esta proba global terá aprobada a materia do curso. A cualificación máxima que este alumno/a poderá acadar na avaliación final será CINCO.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

**Recuperación de PENDENTES:** A materia se dividirá en tres partes correspondentes as tres avaliacións que están programadas. Posto que a avaliación é continua damos tamén ao sistema de recuperación este carácter. A materia será acumulativa ao longo da avaliacións. Durante cada avaliación, os alumnos terán que presentar regularmente os exercicios propostos polo profesor, que asemade orientará ao alumno no seu traballo e aclarará as dúbidas que poidan ter.

Farase unha proba por trimestre. O/ A alumno/a que supere a proba da terceira avaliación terá superada a materia do curso PENDENTE.

O/A alumno/a que non supere a materia pendente na 3ª avaliación terá a posibilidade de presentarse a unha proba correspondente á avaliación final. Dita proba basearase en contidos de gramática e vocabulario básicos.

O profesorado do alumnado con materias pendentes será o encargado de realizar o seguimento da materia pendente e darase por superada se o rendemento da materia no curso é positivo. A xefa de departamento será quen realice as devanditas probas nas datas que se darán a coñecer a principios do primeiro trimestre.



Os criterios de cualificación para os alumnos de PENDENTES son os seguintes para as probas das tres avaliacións:

- Gramática + Vocabulario (Grammar & Vocabulary) : 5 puntos
- Comprensión Escrita (Reading Comprehension) : 2.5 puntos
- Expresión Escrita (Writing) : 2.5 puntos

Criterio de cualificación da proba da avaliación final:

- Gramática + vocabulario: 5 puntos

## 6. Medidas de atención á diversidade

As adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Apoio dentro da aula por mestres especialistas, persoal complementario ou outro persoal.
3. Metodoloxía máis personalizada.
4. Accesibilidade dos elementos do currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais.
5. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
6. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
7. Adaptacións curriculares significativas dos elementos do currículo.
8. Aumentar a atención orientadora.
9. Atención educativa ó alumnado por situacións persoais de hospitalización ou de convalecencia domiciliaria.
10. Enriquecemento curricular.
11. Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.

b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.

c) Para o alumnado repetidor: Ao alumnado repetidor deberá esixírselle somentes o cumprimento dos contidos mínimos. Para reforzar a aprendizaxe de ditos contidos o alumnado pode realizar as tarefas de repaso ou "Review" que contén cada unidade do material co que traballamos ou, sempre que sexa necesario, facilitarlle fotocopias simplificadas dos contidos que estamos a traballar no grupo de referencia.

d) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: se adoptarán tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou en materiais considerados como tais.

O plan de reforzo implementárase a través da aula virtual. Ofrecendo un reforzo rápido, directo e individualizado a aqueles alumnos que o requiran.

De non poder ser posible o uso da plataforma dixital o profesorado deberá fornecer do material adecuado ás capacidades do alumnado a través de material impreso na propia aula e dentro do horario lectivo e , sempre que poida, fóra del.

Alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital

No caso de ter constancia de que un alumno ou alumna non ten posibilidade de seguir a actividade educativa online, porase en coñecemento das persoas responsables para garantir o dereito á educación e tomar medidas ao respecto.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audivisual			X				
ET.4 - A competencia dixital	X	X		X			
ET.5 - O emprendemento social e empresarial	X	X					
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico		X				X	
ET.7 - A educación emocional e en valores	X		X	X	X		
ET.8 - A igualdade de xénero		X		X		X	
ET.9 - Creatividade					X	X	
ET.10 - Educación de calidade	X	X	X	X	X	X	
ET.11 - Industria, innovación e infraestrutura	X	X	X		X	X	
ET.12 - Saúde e benestar. A educación para a saúde	X			X		X	
ET.13 - Vida de ecosistemas terrestres			X		X		

**Observacións:**

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita virtual a un museo	O alumnado terá a oportunidade de facer unha visita virtual a un museo ao redor do mundo en inglés,	X		
Cine club : Sesión de cine en inglés	O alumnado terá a oportunidade de ver unha película en lingua inglesa para realizar unha posta en común das impresións	X	X	
Monthly Karaoke with Lyrics	O alumnado terá a oportunidade de escoitar e repasar vocabulario, estruturas gramaticais e mellorar a pronunciación	X	X	X
Webinar	O alumnado terá a posibilidade de escoitar a persoas nativas falando dun tema do currículo		X	
Cultural class	Unha persoa nativa dará unha charla sobre a cultura anglosaxona e o alumnado terá a posibilidade de interactuar con ela			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita

Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos
Metodoloxía empregada
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe
Medidas de atención á diversidade
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Clima de traballo na aula
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades

**Descrición:**

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será: Sempre / Ás veces / Nunca

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**